

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

PXA

2023-2024



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
DE ESTEIRO



CONTIDOS

Programación Xeral Anual

1. OBXECTIVOS E ACCIÓNS [PAX. 4]

- 1.1. Alumnado [Pax. 4]
- 1.2. Profesorado [Pax. 11]
- 1.3. Familias [Pax. 12]
- 1.4. Outras Institucións [Pax. 12]
- 1.5. Organización [Pax. 13]
- 1.6. Recinto escolar [Pax. 15]
 - 1.6.1. Espazo exterior [Pax. 15]
 - 1.6.2. Edificio [Pax. 16]
 - 1.6.3. Mobiliario [Pax. 18]

2. ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN [PAX 20]

- 2.1. Profesorado [Pax. 20]
- 2.2. Persoal non docente [Pax. 21]
- 2.3. Alumnado [Pax. 22]
- 2.4. Órganos de goberno [Pax. 23]

2.5. Comisións e coordinacións [Pax. 26]

2.6. Familias [Pax. 32]

2.7. Horarios diversos [Pax. 33]

2.8. Saídas e excursións [Pax. 37]

2.9. Libros de texto oficiais [Pax. 37]

3. PROGRAMAS E PLANS XERAIS DE ACTUACIÓN DO CENTRO [PAX. 41]

Anexo I Plan de Igualdade

Anexo II Addenda ao Proxecto Lingüístico

Anexo III Plan Anual de Biblioteca e Lectura

Anexo IV Plan TIC

Anexo V Plan Dixital de Centro

Anexo VI Plan de Orientación

Anexo VII Plan anual de actividades do DO

Anexo VIII Plan de Estilos de Vida Saudables

Anexo IX Plan de Benestar e Convivencia

Anexo X Proxecto de Formación Permanente do Profesorado

1. OBXECTIVOS E ACCIÓNS

OBXECTIVOS	CONTEXTO	ACCIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
Afondar na igualdade entre nenos e nenas.	<p>O colexio conta cun 55% de nenos e un 45% de nenas (112 nenos e 92 nenas). Ambos os dous están en réxime de coeducación sen ningún tipo de separación nin nas aulas nin nos espazos de lecer. O profesorado é maioritariamente feminino: 16 mulleres e 5 homes e (80 % mulleres e 20% homes).</p>	<p>Dar instrucións para que as programacións incidan, especialmente na competencia social e cívica e cidadá (LOMLOE), na igualdade de xénero.</p>	E. Directivo.	1º claustro.	Acta do claustro.
		<p>Promover a inclusión de nenos e nenas nos xogos populares que teñen tradición sexista. Poñer énfase no uso da corda por parte dos nenos e do peón por parte das nenas. Dar mestrías que permitan comparar en ciclos de cursos. Que o profesorado faga fincapé neste aspecto; tamén nos recreos. Elaboración dun estadillo que permita facer comparacións interanuais.</p>	Responsables de recreo. Prof. E.Física. Director	Ao longo do curso.	Expedición de diplomas con número parello de nenos e nenas en cada xogo. Recontos sistemáticos.
		<p>Aproveitando novembro como mes da "Ciencia en galego", programar un acto con mulleres científicas da nosa contorna ou crear algún proxecto dando visibilidade ao colectivo científico feminino. Participar na oferta científica da UDC campus de Ferrol (G-Night ou outras visitas).</p>	Eq. Directivo Biblioteca Titorías	Novembro	Acto celebrado. Reseña na revista.
		<p>Á vista do Plan de igualdade, facer, a final de curso, unha avaliación de cumprimento facendo un seguimento á documentación elaborada: web, programacións, exposicións,...</p>	Equipo directivo	Maio	Documento avaliativo elaborado
		<p>Continuar coa elaboración dun estadillo que formalice a estatística sobre a presenza dos pais e nais para poder establecer accións que fagan máis visibles para os nenos/as a presenza dos pais-homes. Comparación interanual.</p>	Titorías	Ao longo do curso.	Anotacións sobre % da súa presenza.
		<p>Tratar de influir nas familias cando chega o Nadal na importancia dos agasallos para a igualdade de xénero: documentos, charlas, festival de Nadal... (incluído no Plan de igualdade).</p>	Titorías.	1ª reunión antes do Nadal. Envío de circular.	Intervencións ante as familias. Circular enviada.
		<p>Fomentar a compra de libros para a biblioteca que non promovan os estereotipos sexistas.</p>	Equipo de biblioteca.	Ao longo do curso.	Actas reunións.
		<p>Preparar e colocar paneis nos corredores do colexio elaborados polo alumnado que teñan como tema a igualdade de xénero, cun traballo previo explicativo dende as titorías.</p>	Titorías	Ao longo do curso.	Paneis expostos e visitados.

	OBXECTIVOS	CONTEXTO	ACCIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
1.1. Alumnado	Respectar as liberdades individuais e as normas de convivencia e disciplina (NOFC).	É unha obriga para os cargos directivos fomentar o seu coñecemento, non tanto para facer visibles castigos como para poñer de manifesto que formamos unha institución regulada. Escaseza de nenos/as fortemente conflictivos. Comisión de convivencia en funcionamento. Grao de aceptación amplo do estado da disciplina por parte de todos os sectores da comunidade educativa. A puntualidade debe estar no centro das intencións do equipo directivo e das titorías. Asentamento das normas de entrada.	As previstas desde o Plan de Convivencia e o plan de traballo da coordinadora de benestar e convivencia.	Claustro. Comisión de convivencia. Consello Escolar.	Ao longo do curso	Os previstos no propio Plan de Convivencia (ver anexo).
			Ir na procura de que as accións reflectidas nas NOFC non queden en papel mollado. (Novas normas de funcionamento)	Equipo directivo. Titorías Familiares	No 1º trimestre.	Comparación cos retrasos do curso pasado.
			Actualizar as normas segundo a lexislación aplicable (cambios introducidos este ano). Estudalo no primeiro claustro do curso para dar a coñecer ao novo profesorado que se incorpora este ano o máis importante do funcionamento do centro (recreos, entradas e saídas, horarios, etc)	Equipo directivo. Titorías Familiares	1ª semana setembro	Documento elaborado e estudado no claustro.
	Fomentar a lectura	O colexio conta cun Plan Lector aprobado polo Claustro e Consello Escolar. O Plan de Mellora de Biblioteca que funciona no centro aprobado pola Consellería. Nos trece últimos cursos o colexio experimentou un grande impulso na tarefa colectiva de estímulo da lectura que está a aumentar ano tras ano.	As propostas no Plan Anual de Biblioteca e lectura.	Comunidade escolar. Com. Biblioteca	Ao longo do curso.	Os previstos no Plan Anual de Biblioteca e Lectura.

	OBXECTIVOS	CONTEXTO	ACCIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
1.1. Alumnado	Normalizar o uso da lingua galega.	<p>No colexio existe, por tradición, un Proxecto de Fomento da Lingua Galega. Desde hai catorce cursos contamos co preceptivo Proxecto Lingüístico de Centro 2022-2026.</p> <p>Alumnado: uso preferente da lingua castelá nas súas producións orais, tanto no trato coas súas familias, co profesorado e cos compañeiros/as.</p> <p>Profesorado: respecto polo prescrito na lei. Uso escaso da lingua galega nos intercambios cotiás dentro do Centro, xa que moitos e moitas teñen como lingua materna a castelá.</p>	Todas as previstas no Proxecto Lingüístico do centro.	Comunidade escolar .	Ao longo do curso escolar.	Os previstos no PLC escolar.
			<p>As propostas no Proxecto de Fomento do Uso da Lingua Galega.</p> <p>Proxecto Lingüístico de Centro para os cursos 2022-2026 en vigor.</p>	Comunidade escolar .	Ao longo do curso escolar.	Os previstos no Prox. Fom. Uso Lingua Galega.

	OBXECTIVOS	CONTEXTO	ACCIÓN	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
1.1. Alumnado	Procurar a identificación da comunidade escolar coa institución escolar.	A comunidade escolar vén celebrando reunións colectivas de xeito tradicional.	Tratar na primeira sesión de Claustro os datos sobre conmemoracións incluídos neste parágrafo para facer as modificacións oportunas.	Equipo directivo. Claustro.	1º Claustro	Acta da sesión.
			<p>Celebrar actos colectivos arredor de conmemoracións previstas pola Consell. de Educ. no seu Calendario Escolar (Orde 3 de maio 2023 ou de especial tradición no colexio ou de nova incorporación á programación.</p> <p>DÍA DA BIBLIOTECA 20-10-23</p> <p>MAGOSTO 27-10-23</p> <p>DÍA DO PEÓN 10-11-23</p> <p>NADAL 20/21-12-23</p> <p>Día Inter. contra a Violencia de Xénero 25-11-23</p> <p>Constitución e Estatuto de Autonomía Do 30/11 ao 7-12-23</p> <p>Día Inter. Persoas con Discapacidade 03-12-23</p> <p>Declar. Universal dos Dereitos H. 10-12-23</p> <p>DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ 30-01-24</p> <p>DÍA DE ROSALÍA23/02/24</p> <p>ENTROIDO 09-02-24</p> <p>DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 08-03-24</p> <p>Día Mundial dos Dereitos do Consum. 15-03-24</p> <p>Semana da Prensa Do 06 ao 10-03-24</p> <p>DÍA DA INTERCULTURALIDADE 22-03-24</p> <p>Día Mundial da Saúde 07-04-24</p> <p>SEMANA DO LIBRO Do 22 ao 26-04-24</p> <p>Día internacional contra o acoso escolar 02-05-24</p> <p>Día de Europa 09-05-24</p> <p>SEMANA LETRAS GALEGAS...Do 13 ao 17-05-24 (*16-05-24)</p> <p>DÍA/SEMANA DA MÚSICA E A DANZA 31-05-24</p> <p>Día Mundial do Medio Ambiente 05-06-24</p> <p>DÍA DO DEPORTE 21-06-24</p>		As datas poden sufrir cambios por cuestións organizativas.	Celebracións e conmemoracións realizadas.
			Realizar unha acollida do novo curso escolar a nivel de tutoría coa información de inicio de curso.	Claustro	11-09-23	Plan de acollida coas datas e instrucións
			Realizar un acto de clausura do curso escolar.	Eq. directivo.	20-06-24	Fotos do acto.
			Publicación da Revista Remuíños	Com. Escolar	Última semana de xuño	Revista publicada en formato papel ou dixital.

OBXECTIVOS	CONTEXTO	ACCIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
Poñer en valor un dos sinais de identidade máis significativos: o xogo popular.	A práctica do xogo popular no tempo de recreo observou unha mellora considerable durante estes últimos anos, sobre todo no aspecto de peóns, cordas, petanca, zancos e chave. *Realizar o pasaporte dos xogos populares de cara o futuro.	Incrementar o número de xogos populares do noso inventario	Doadores voluntarios.	Ao longo do curso escolar.	Catalogación na base de datos das pezas novas
		Facer visible entre a comunidade escolar e concello o Museo do Xogo Popular do centro con visitas as e información exposta dos xogos que as compoñen.	Eq. directivo, conserxería	Ao longo do curso escolar.	% de persoas novas que coñecen o museo.
	A clase de E. Física está a colaborar activamente na tarefa de espallamento do xogo tradicional. O Museo do Xogo Popular é un valor engadido do colexio. Debemos profundizar no coñecemento do Museo por parte do alumnado e familias do centro. Reestructuración dalgunhas vitrinas. Colocación dun panel na entrada para fotografiarse.	Elaborar tarefas por parte do profesorado do centro encamiñadas a estudar e gozar dos xogos recollidos no noso Museo.	Com. Escolar.	Ao longo do curso escolar.	Reseña na Revista Remuíños. e na páx. web
		Incremento dos xoguetes da ludoteca (cordas, peóns, paracaídas..).	Equipo directivo.	Ao longo do curso escolar.	Facturas de compra
		Actualización na páxina web da información sobre o Museo do colexio. (realización d novos vídeos dos diferentes xogos).	Eq. directivo. Prf. E. Física. Resp. TIC	Ao longo do curso escolar.	Páx. web do centro.
		Celebración do Día do Peón.	Equipo directivo.	10-11-23	Exposición e reseña na Rev. Remuíños.
		Celebración do Día do Deporte. (sempre que as circunstancias o permitan)	Eq. Directivo. Prof. E. Física. Prof., familias.	*21-06-24	Celebración do acto e reseña na Rev. Remuíños.
		Participación activa na Asociación do Xogo Tradicional Brinquedia. Establecer un mecanismo de participación nas súas assembleas.	Representante do colexio.	Ao longo do curso escolar.	Participación nas reunións da Asociac. Pago de cota anual.
		Organizar actividades encamiñadas a dar a coñecer o Museo.	Claustro	Ao longo do curso	Reseña na Revista Remuíños

	OBXECTIVOS	CONTEXTO	ACCIÓNES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
1.1. Alumnado	Mellorar a seguridade persoal do alumnado, profesorado, familias...	O Colexio dispón dun Plan de Autoprotección actualizado e rexistrado. As titorías encargaránse de que o alumnado coñeza o plan de evacuación establecido e realízanse simulacros de evacuación cada curso escolar. Observación de cumprimento do compromiso de revisión dos extintores por parte do Concello.	Realizar simulacros de evacuación do centro escolar (sen previo aviso, convenientemente informados e con dificultades crecentes que melloren as diferentes respostas).	Xef. de Estudos. Director.	Ao longo do curso escolar	Informes realizados
			Revisión e substitución, se fose o caso, dos extintores caducados. Actualizar calqueira cambio ou revisión relacionada co Plan de Autoprotección.	Equipo Directivo Concello (empresa Clece)	Ao longo do curso escolar	Revisións feitas e documentadas
1.1. Alumnado	Mellorar a integración dos nenos e nenas das minorías étnicas.	O colexio conta cun 6% de nenos/as de etnia xitana. Case todos eles practican a relixión evanxélica. Son nenos/as "aparentemente" ben integrados. Ao colexio acuden nenos e nenas de procedencias distintas o que favorece o coñecemento intercultural. A festa de Interculturalidade foi un éxito nas súas edicións anteriores (este último curso afondou no coñecemento de Brasil). Este curso 2023-2024 as posibilidades abranguen Ucraia e Colombia.	Realizar un mapamundi en xiz sobre un encerado da parede de usos múltiples que se convirta nun espazo creativo. Actualizar o mapa Lego da biblioteca.	Titorías	Outubro	Mapa realizado.
			Celebrar a Festa da Interculturalidade a nivel de titoría cunha serie de recursos de traballo para a aula. Dedicado este ano a Ucraia ou Colombia..	Departamento de Orientación	31-03-23	Reseña na Revista Remuíños
			Potenciar os xogos populares nosos e doutros países ou rexións, sobre todo no tempo de recreo. Introducir un xogo que debería aportar a familia do alumno que estuda no centro, ao cal adicamos o Día da Interculturalidade.	Prof. de garda do recreo. Direct., Prof. EF, Fam. de alumn. estranx.	Ao longo do curso escolar.	Por observación da integración intercultural.
			Lectura e/ou dramatización de contos de diversas procedencias para o Día da Interculturalidade (compra de libros).	PT/AL	Día do libro	Realización do acto e reseña.
			Estandarizar os procesos de avaliación inicial do alumnado con entrada tardía no sistema educativo español. Seguimento do Plan de Acolida. Creación do alumnado-titor.	Depart. Orientación. CCP, Claustro	1º trimestre.	Documentos aprobados pola CCP.
			Potenciar no PE do CEIP de ESTEIRO a Educación Intercultural.	Claustro.	Ao longo do curso escolar.	Reflectido no PE

	OBXECTIVOS	CONTEXTO	ACCIÓNES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
1.1. Alumnado	Mellorar a planificación do tempo escolar e de estudo.	A planificación e control do traballo escolar por parte dos nenos/as en moitas ocasións está rexida ou polo azar ou polos bos oficios de cada profesor ou profesora individualmente.	Continuar cos beneficios da axenda escolar realizada en cursos pasados para todos os grupos de primaria; dese xeito terían a man horarios, deberes das diferentes áreas, control de faltas, etc. En todo caso os deberes deberán propoñerse na súa xusta medida co fin de que o alumnado non estea ocupado nestas tarefas máis tempo do aconsellable e sempre segundo a súa idade e capacidade. Xornadas de técnicas de estudo co alumnado.	Coordinador de publicacións. Departamento e Orientación.	Ao longo do primeiro mes.	Axenda feita e distribuída. Xornadas organizadas co alumnado de PROA+.
	Obxectivo xeral curricular.	As propias avaliacións do colexio detectan uns niveis en matemáticas por debaixo da media nalgúns aspectos.	Mellorar os resultados escolares no ámbito das matemáticas: Actuación dos equipos docentes: dúas ou tres actividades ao longo do curso escolar que se reflectan nos corredores. Participar no rebumbio matemático para o alumnado de EP6.	Profesorado. Equipo directivo.	Ao longo do curso escolar.	Comparación de resultados curso a curso.
	Fomentar a participación en programas de formación de ámbito profesional.	Este colexio ten participado de xeito tradicional en múltiples cursos, seminarios, grupos de traballo, etc. PFPP anual.	Importancia á mellora no uso de determinados recursos informáticos que facilitan a educación presencial e non presencial.	Dinamizador TIC. Equipo directivo.	Ao longo do curso escolar.	Xustificación coa relación de traballos realizados.
			Potenciar a información sobre cursos de formación, especialmente os organizados polo CFR de Ferrol (ensinanza mixta, linguas, inclusión).	Equipo directivo.	Ao longo do curso escolar.	Enquisa ao profesorado.
			Coñecer os esforzos do profesorado no seu proceso de formación para obter beneficios directos no colexio: posibles implementacións no colexio.	Equipo directivo.	Ao longo do curso escolar.	Relación escrita de cursos realizados.
Mellorar o proceso de incorporación do novo profesorado.	O profesorado novo recibe unha atención protocolizada na súa incorporación ao centro escolar.	Participar no PFPP e nos cursos asociados ás actividades panca do PROA+.	Profesorado implicado	Ao longo do curso escolar.	Relación escrita de cursos realizados.	
		Actualizar anualmente o protocolo de actuación do centro ante a incorporación de novos profesores/as: da organización, dos recursos, do recinto escolar, das persoas que deban dar información, etc.	Equipo directivo.	Primeiro trimestre.	Documentos feitos e aprobados.	

	OBXECTIVOS	CONTEXTO	ACCIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
1.2. Profesorado	Mellorar o achegamento do profesorado aos procesos informáticos. Mellorar o achegamento do profesorado aos procesos informáticos.	Nos últimos cursos escolares o colexio fixo un avance considerable na súa introdución nos procesos do XADE e os aplicativos asociados.	Incidir na introdución das faltas de asistencia e retrasos do alumnado no XADE por parte das titorías. Incidir especialmente no propósito de ter incluídas as anotacións referentes á Avaliación Inicial antes do 18 de setembro.	Equipo direct. Profesorado	Ao longo do curso escolar.	Avaliacións no XADE.
		É costume que todos os documentos se presenten en formato dixital.	Presentación das programacións en formato dixital no aplicativo PROENS (LOMLOE).	Todo o profesorado.	Antes do 20 de setembro (impares) e 1 de decembro (pares).	Programacións dixitalizadas e introducidas no aplicativo.
			Comunicar todos os eventos do colexio, documentos legais, etc, por AbalarMobil.	Equipo direct.	Ao longo do curso escolar	Constatar os correos.
			Fomentar a entrada de noticias na páxina web e nos blogues escolares por parte do profesorado.	Equipo direct. Profesorado.	Ao longo do curso escolar.	Publicacións feitas.
			Incorporar á Aula Virtual aqueles contidos que permitan seguir unha educación mixta ao alumnado que o precise polas circunstancias sanitarias.	Profesorado	Ao longo do curso	Contidos publicados na aula virtual
	Mellorar a participación de pais e nais (calidade e cantidade da participación).	Este curso será o cuarto ano de traballo da directiva da ANPA. Resulta complicado manter unha alta participación das familias na asociación. Na aula, participación moi aceptable nas reunións de titorías (colectivas).	Promocionar a participación dos pais/nais na ANPA nas reunións titoriais colectivas. Continuar co estadillo de participación para poder comparar cos cursos pasados. Facer visible os diferentes graos de participación.	Equipo directivo. Titoras.	Setembro.	Comparación en xuño da participación con respecto ao curso pasado.
			Dar consideración de relevantes ás actividades promovidas pola ANPA a prol da comunidade educativa: todas aquelas que poidan ser introducidas no calendario escolar.	ANPA. Equipo directivo	Ao longo do curso escolar	Reseña na web do colexio.
		Boa resposta nas reunións individuais con determinadas excepcións. Alta participación das nais en comparación cos pais.	Informar ás familias mediante o tríptico da importancia da participación na asociación.			

	OBXECTIVOS	CONTEXTO	ACCIÓN	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
1.3. Familias	Mellorar os cauces de participación de pais/nais.	Os cauces de participación son fluídos, pero, en ocasións, excesivamente informais. Debemos continuar o camiño de reunións formais. Observamos por parte das familias un bo uso da aplicación ABALAR móbil.	Levar a cabo, como mínimo, dúas reunións ao logo do curso escolar, con orde do día, entre o equipo directivo e a ANPA.	Equipo directivo. ANPA.	Setembro Maio	Actas das reunións
			Sistematizar a información ás familias a través de comunicados periódicos a través de AbalarMobil.	Equipo directivo. ANPA.	Ao longo do curso escolar	Comunicacións elaboradas
			Promocionar o uso informativo do blogue que ten a ANPA.	Equipo directivo. ANPA.	Ao longo do curso escolar	Reseña na web e no blogue da ANPA
			Apoiar desde o colexio as actividades organizadas pola ANPA que supoñan unha mellora na calidade do centro.	Equipo directivo. ANPA.	Ao longo do curso escolar	Reseña na web e na revista Remuíños
			Empregar como canle de comunicación coas familias o aplicativo ABALAR móbil. Informar nas xuntanzas colectivas.	Profesorado	Ao longo do curso escolar	Comunicacións realizadas.
	Estreitar lazos coa Universidade de A Coruña	Habitual envío de alumnado do Grao Universitario de Maxisterio para facer as prácticas (Practicum I e II).	Manter os habituais "Practicum I e II" do Grao Universitario de Maxisterio.	Equipo direct. Titoras	Ao longo do curso escolar	Informes finais das prácticas
			Manter o acordo coa Facultade de Humanidades para que os seus alumnos/as poidan elixir o noso colexio para facer prácticas de biblioteca.	Xefa de Estudos Titoras	Ao longo do curso escolar	Informes finais das prácticas.
	Manter e mellorar a relación coa prensa, radio, tv.	Presenza do colexio nos medios de comunicación.	Promocionar as actividades, novidades, etc, nos medios de comunicación. Especial atención no relacionado co xogo popular e coa biblioteca.	Equipo directivo.	Curso escolar	Presenza nos medios
	Xadrez	Tradicional colaboración da Federación Galega de Xadrez no ensino de dito deporte en horario lectivo.	Manter o acordo asinado coa institución para impartir clase de xadrez en 6º de E.Infantil e 1º, 2º e 3º de E. Primaria.	Equipo directivo. Titoras.	Outubro a maio.	Memoria final da actividade.
1.4. Outras institucións	Mellorar o coñecemento dos recursos do colexio.	Os materiais do colexio están inventariados e actualizados.	Facer o mantemento do inventario. Introducir novas compras. Actualizar ou migrar a base de datos ao aplicativo novo.	Secretaría.	Ao longo do curso escolar.	Inventario actualizado

	OBXECTIVOS	CONTEXTO	ACCIÓNES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
1.5. Organización	Mellorar os procesos de avaliación.	Os procedementos de avaliación en EP e EI parecen operativos e aceptados. A avaliación das tarefas profesionais está dotada dun instrumento que a facilita. A LOMLOE establece cambios no ámbito da promoción e avaliación que están reflectids no PEC e na Concreción Curricular.	Realizar todas as sesións de avaliación preceptivas, incluída a inicial nas datas acordadas en claustro. Continuar coas actas en formato dixital. Realizar a avaliación da función docente en cada sesión de avaliación. Elaborar as actas axeitadas.	Todo o profesorado. E. Orientación. Xef. Estudos.	27/09/22 18/10/22 (inicial) *05/13-12-22 21-28/03-23 06/13-06-23	Actas das reunións
			Elaborar a nova Guía de Intervención para a Mellora e promover a posta en práctica das súas recomendacións, se a Consellería aporta os datos necesarios do resultado da avaliación.	Equipo direct. CCP	1º trimestre	Documento elaborado
			Realizar as actas de fin de ciclo (2º e 4º EP) e fin de etapa (EP).	Equipo direct. CCP	Xuño	Documento realizado.
	Mellorar os procesos de información sobre as actividades do colexio.	O colexio dispón dunha páxina web que serve como canle de comunicación para as familias e persoas interesadas.	Poñer ao alcance da comunidade educativa a páxina web do colexio (webs dinámicas da Consellería de Educación) que poña en valor as actividades educativas e a vida cotiá do centro escolar. Que cada vez máis profesorado introduza, cun certo hábito, contidos na web. Do mesmo xeito coa ANPA (blogue).	Equipo direct. A comunidade escolar (comezar polas titorías).	Ao longo do curso escolar.	Visitas á páxina web. Incremento dos "autores" da páx. web.
Mellorar a informatización administrativa	O colexio rematou o proceso de integración do seu volume de información no XADE. Os documentos precisos para o proceso de matrícula, préstamo de libros, reserva de praza no IES, solicitude de becas NEAE... están incorporados á páx. web do centro.	Continuar coa introdución de documentos administrativos na páxina web do colexio para facela máis interactiva. Remitir ás familias aos aplicativos e Sede electrónica para a xestión de trámites administrativos.	Equipo directivo.	Ao longo do curso escolar.	Constatar a menor afluencia de familias para solicitar papeis administrativos.	
Potenciar o uso das TICs en todas as aulas.	Todas as aulas teñen un ordenador, proxector, internet e pantalla. As aulas de EP, EI, PT, Lingua inglesa e música contan con pizarra dixital.	Facer un estudo de necesidades de reposición de equipos en todo o centro e incluílas no Plan Dixital de centro do curso 23-24 solicitando dita reposición por parte da Consellería. Ao longo do curso espérase a incorporación do material dos Polos Creativos e a colocación de 4 pantallas táctiles en 3º, 4º, 5º e 6º de 86 polgadas.	Equipo Directivo TIC	Ao longo do curso escolar.	Equipamento rn funcionamento.	

	OBXECTIVOS	CONTEXTO	ACCIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
1.5. Organización	Mellorar o estado de limpeza do recinto escolar, aulas e o bo estado dos espazos verdes.	O patio de recreo presenta regularmente un certo estado de suciedade incompatible cos valores de saúde escolares ao igual que os espazos verdes que precisan uns coidados responsables.	A tropa verde funcionará no curso de 3º EP para o mantemento dos espazos exteriores do centro. Cada titoría insisitirá na necesidade da limpeza e orde nos espazos comúns e compartidos das aulas e corredores, respectando aqueles materiais do centro (libros, mesas, etc). Aplicación do Plan de Estilos de Vida Saudables.	Equipo directivo Titorías Alumnado Familias	Ao longo do curso escolar.	Reseña na páxina web do colexio.
	Actualizar o sistema de catalogación da biblioteca escolar.	Catalogación no Koha.	As bibliotecas escolares dentro do PLAMBE están empregando o KOHA e ofrecenedo credenciais de acceso ao alumnado e profesorado novo.	Equipo de biblioteca. Consellería	Ao longo do curso.	Catalogación de nova bibliografía relizada e credencias entregadas aos usuarios/as.
	Mellorar as canles de comunicación entre o colexio e a Concellería de Educación de Ferrol.	O centro educativo carece dunha representación real no seo do Consello Escolar dun representante do Concello de Ferrol, o que dificulta que as necesidades do mesmo sexan conocidas pola coorporación municipal.	Reclamar a participación activa do representante do Concello. Estreitar e relizar as reunións pertinentes coa Concellaría de Educación.	Equipo Directivo Concello	Ao longo do curso.	Representante nomeado. Reunións realizadas.
	Usar e mellorar o cartafol compartido como elemento organizativo de centro.	O centro e o profesorado comparten unha gran cantidade de documentos que precisan estar localizados de xeito sinxelo.	Actualización do cartafol compartido (con contrasinal).	Equipo directivo Claustro	Ao longo do ano	Cartafol funcionando e aproveitamento por parte dos usuarios/as.
	Actualizar e mellorar a identificación do centro e os seus espazos.	Identificación do centro segundo o manual de identidade corporativo.	Identificar ao centro seguindo o manual de identidade e progresivamente implantar a sinalética dos espazos dentro dun contexto inclusivo.	Equipo directivo	Ao longo do curso	Sinalética colocada.
	Actualizar a información relativa ao funcionamento do centro ou datos de interese.	O centro dispón dunha gran cantidade de información que debe presentar á comunidade.	Carteis de saídas de emerxencia actualizados. Protocolo de evacuación. Botiquíns Alerta Escolar	Equipo directivo	Setembro	Carteis colocados e visibles.

	DEFICIENCIAS	ACCIÓNES	RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
1.6. Recinto escolar [1.6.1. Espazo exterior]	Área de xogos infantís con carencias.	Mantemento dos xogos infantís populares pintados nas zonas do patio cuberto.	Equipo directivo	Finais de xuño	Comprobación ocular.
		Os xogos de madeira en El precisan dun mantemento cotiá. O Concello asume a responsabilidade dos arranxos e coidados cunha empresa externa.	Empresa adxudicataria do Concello.	Ao longo do curso	Reparación realizada
	A parede do patio cuberto pode ser pintada con algún mural.	Pintar a parede cun mural representativo do colexio. A artista Clara Colorines realizará o debuxo.	Equipo Directivo. Alumnado. Profesorado. ANPA	Ao longo do curso	Fotos na web
	As árbores de arredor do recinto invaden o patio o o tellado.	Podar, no outono, as árbores.	Concello: Serv. de xardíns.	Outono	Traballo realizado
	As follas das árbores obstrúen os canalóns e baixantes de evacuación de auga.	Comprobar que se realiza a limpeza dos canalóns do tellado.	Concello: Serv. de mantemento.	Outono	Traballo realizado
	Elmentos do edificio están deteriorados e non illan suficientemente.	Solicitar orzamentos para o cambio e recursos económicos á Unidade Técnica da Consellería (Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica).	Consellería	Ao longo do curso escolar.	Cambios realizados ou proxectados para o futuro.
	Algúns espazos do colexio presentan un aspecto descoidado polo paso do tempo.	Pintado de paredes e teitos das entradas.	Empresa adxudicada	Ao longo do curso	Obra realizada
		Pintado de varandas que bordean a zona de xogos do alumnado.	Empresa adxudicada	Ao longo do curso	Obra realizada
	O patio cuberto debe ser revisado por posibles pingueiras no inverno.	Reparar ou substituír o tellado deteriorado do patio cuberto para que non volva haber máis pingueiras.	Empresa adxudicada	Ao longo do curso	Tellado reparado
	O sistema dos tubos de alumeado deixa de funcionar.	Substitución dos tubos fluorescentes que deixen de funcionar.	Concello	Ao longo do curso	Substitución realizada
A caldeira ten avarías diversas.	Arranxo inmediato das avarías.	Concello	Ao longo do curso escolar	Calefacción en bo estado	
A presenza, das casquadas no colexio.	Demandar da empresa correspondente a desinsectación continua e axeitada do colexio.	Empresa Arumia.	Varias veces ao longo do curso escolar.	Informes de desinsectación da empresa	

DEFICIENCIAS	ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
O chan do pavillón está moi deteriorado.	Reparar o chan do pavillón para evitar que siga a deteriorarse.	Concello	Ao longo do curso escolar.	Obra realizada
O comedor non ten espazo suficiente para que o alumnado coloque as súas mochilas e a roupa.	Habilitar espazos no corredor para que o alumnado poida deixar as súas pertenzas.	Concello Consellería	Ao longo do curso escolar.	Recurso ou espazo instalado/habilitado.
Hai dependencias do centro que foron pintadas hai varios anos.	Pintar as aulas máis deterioradas.	Empresa adxudicada	Ao longo do curso escolar.	Aulas pintadas
Sinaléctica do colexio	Colocación progresiva da sinaléctica segundo o manual de imaxe corporativo da Consellería.	Concello Consellería	Ao longo do curso	Nº de elementos colocados
o				

O noso centro, ano tras ano, aumenta a matrícula estando, actualmente en 204 alumnos e alumnas. Ten corenta anos de antigüidade e, moito do mobiliario do centro, foi subministrado no momento da súa posta en funcionamento e non renovado. Precisamos, polo tanto, se teña en conta esta circunstancia para dotalo dignamente. As necesidades non se limitan a mobiliario, senón tamén a material didáctico necesario para os máis pequenos e os nenos e nenas con NEAE. Na páxina seguinte especificase o código e o nome dos artigos segundo o catálogo elaborado no seu día pola Consellería de Educación.

1.6. Recinto escolar [1.6.2. Edificio]

	NOME	NÚMERO	ESTADO	ANDAR
1	Aula E. Infantil 3 anos	1	En bo estado.	PRANTA BAIXA
2	Aula E. Infantil 4 anos	1	Aceptable. Habería que ir pensando en pintar.	
3	Aula E. Infantil 5 anos	1	Aceptable. Habería que ir pensando en pintar.	
4	Baños E. Infantil	3	É preciso facer un mantemento e poñer tapas nos inodoros.	
5	Baños nenos/as.	2	En bo estado.	
6	Baños mestres/as	1	Aceptable. Habería que ir pensando nunha renovación; o sistema de cisternas dá problemas.	
7	Aula de AL	1	En perfecto estado.	
8	Aula de Orientación	1	En bo estado.	
9	Aula de Primaria	1	En perfecto estado.	
10	Dirección	1	En perfecto estado, pero precisa un repintado dunha zona onde se retirou o RAC.	
11	Secretaría	1	En perfecto estado.	
12	Conserxería-reprografía	1	Aceptable. Precisa pintado.	
13	Sala do Profesorado	1	En perfecto estado.	
14	Vestíbulo	1	En perfecto estado, habería que ir pensando en retirar a porta intermedia de saída	
15	Salón de Usos Múltiples	1	O sistema de persianas precisa ser renovado.	
16	ANPA	1	En perfecto estado.	
17	Titorías	6	Aulas lila, rosa e amarela en perfecto estado. Azul, verde e laranxa empezan a precisar pintado.	
18	Baños nenos/as.	4	Moi anticuado e deficiente o sistema das cisternas. Está dando moitos problemas.	
19	Aula Ed. Musical	1	En perfecto estado.	
20	Aula L. Inglesa	1	En perfecto estado.	
21	Aulas PT I e PT2	1	En perfecto estado.	
22	Biblioteca	1	En perfecto estado.	
23	Aula extra de EP	1	En bo estado.	
24	Comedor	1	En bo estado. Precisa redistribución de mobiliario.	
25	Corredores	2	En perfecto estado.	
26	Pavillón	1	Precisa una renovación do chan e da grada e revisión dos canalóns enferruxados.	

CÓDIGO	NOME DE ARTIGO	UNIDADES	DESTINO	XUSTIFICACIÓN
200093	Material desenvolvemento da linguaxe en educación especial	1	Aula de audición e Linguaxe	Para traballar co alumnado
200231	Mesa de luz	1	Aula de audición e Linguaxe	Para traballar co alumnado
200234	Equipo de sonoridade	1	Aula de audición e Linguaxe	Para traballar co alumnado
200043	Instrumentos para ritmo	2	Aula de música	Reposición
100006	Armario móbil con gabeta	2	Aula 2ºEP	Reposición
100020	Andeis abertos a 1 cara	1	Aula 2º EP	Reposición
200069	Material xeral de matemáticas	1	Aula 3º EP	Reposición
100090	Armario-librería	1	Aula 3º EP	Reposición
100020/21	Andeis abertos a 1 cara	3	Aulas Educación Infantil	Reposición
100340	Armario portas baixo	1	Aula Educación Infantil	Reposición
200097	Xogos simbólicos	1	Aula Educación Infantil	Reposición
200128	Materiais recanto da arte	1	Aula Educación Infantil	Reposición
200133	Equipo motricidade interior	1	Aulas Educación Infantil	Reposición
300031	Equipo educación física	1	Aulas Educación Infantil	Reposición
100320	Cadeira amoreable infantil	10	Aulas Educación Infantil	Reposición
100111	Asento colchoneta	3	Aulas Educación Infantil	Reposición
200231	Mesa de luz	3	Aulas Educación Infantil	Reposición
200061	Material psicomotricidade	1	Aulas Educación Infantil	Reposición
100336	Carro con coxíns	2	Biblioteca/ Fomento actividades de lectura	Reposición
100332	Asento recto	4	Biblioteca/ Fomento actividades de lectura	Reposición
300038	Mesa de ping-pong	1	Educación física e recreos	Equipar o pavillón
300031	Equipo de educación física	1	Educación física	Reposición
300026	Material xogo alternativo	1	Educación física	Reposición
300003	Colchoneta de caída de salto	1	Educación física	Reposición
300020	Material ximnasia	1	Educación física	Reposición
300008	Minitramp	1	Educación física	Reposición

CÓDIGO	NOME DE ARTIGO	UNIDADES	DESTINO	XUSTIFICACIÓN
300002	Bancos sueco	2	Educación física	Reposición
300032	Valos infantil	1	Educación física	Reposición
100161	Estante clasificador baixo	5	Ludoteca do xogo popular	Reposición para facer máis accesibles os xogos ao alumnado de infantil.

2. ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN

CATÁLOGO OFICIAL Orde 12-08-10

UNIDADES			POSTOS DE TRABAJO										
Infantil	Primaria	Total	EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	OC	TOTAL
3	6	9	4	5	1	1	1	1	1	0	0	0	14

ADSCRICIÓN OFICIAL

E. INFANTIL 3 ANOS (TITORA)	María Ponte Pita	Definitiva EI 597031
E. INFANTIL 4 ANOS (TITORA)	Soraya Restrebada Corral	Definitiva EI 597031
E. INFANTIL 5 ANOS (TITORA / XEFA DE ESTUDOS)	Ana Ríos Grueiro	Definitiva EI 597031
E. INFANTIL (APOIO)	María Mesía Pita	Definitiva EI 597031
1º E. PRIM. (TITORA)	Rosa Mª Rodríguez Arcala / *Xosé Lois Cid Galante	Definitiva FF 597033
2º E. PRIM. (TITORA)	Olga Lodeiro Malde	Definitiva EP 597038
3º E. PRIM. (TITOR)	Elena Beatriz González Melchor	Definitiva EP 597038
4º E. PRIM. (TITORA)	María Pilar Seoane Martínez	Definitiva EP 597038
5º E. PRIM. (TITORA)	Natalia Méndez Romero	Definitivo EP 597035
6º E. PRIM. (TITOR/ABALAR,E-DIXGAL)	Jorge Aguado Amado	Definitiva EP 597038
5º EP- APOIOS - SECRETARIA	Mª Begoña Romero Martínez	Definitiva EP 597038
EDUCACIÓN FÍSICA	Gonzalo Beceiro Bellas	Definitivo EF 597034
LINGUA INGLESA	Víctor Manuel Varela Negrreira Carolina Núñez García	Definitivo FI 597032 FI597032 CENTRO BASE 15026960 CEIP Ponzos
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Ana Lobeiras Fernández/ *María Iovanna López Eiroa	Definitiva PT 597036

2.1. Profesorado

ADSCRICIÓN OFICIAL		
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (At. Preferente)	Patricia Rial Mosteiro	Comisión de servizos PT 597036
AUDICIÓN E LINGUAXE	María Begoña Santiago Otero	Comisión de servizos AL 597037
ORIENTADORA (COMPARTIDA)	Gala Fernández Soto / Sara Cives Negreira	COMPARTIDA 15023508-CEIP Plurilingüe Virxe do Mar
REL. CATÓLICA (COMPARTIDA)	Gonzalo Ignacio Iglesias Rivera	COMPARTIDO 15021834-CEIP Leticia
REL. EVANXÉLICA (COMPARTIDA)	Cristina Rodríguez González	COMPARTIDA 15024227 CEIP Pazos e 15023405 CPI A Xunqueira

POSTO DE TRABALLO	NOME E APELIDOS
Mestra da ONCE	María Blanco Álvarez (xoves)
Coidadora	Ana Isabel Suárez Loureda (5 días)
Coidadora	Carolina Escribano Cordobés (2,5 días luns, martes e venres)
Coidadora	María Tenreiro Domínguez (xornada reducida xoves de 10:00 a 12:30)
Conserxe	Eva García Beceiro
Persoal de limpeza	Ana López Casal
Persoal de limpeza	Rocío Ruíz
Persoal de limpeza e mantemento de exteriores	Persoal diverso (un día a semana ou cando é preciso)
Persoal do servizo de comedor	Doris Pérez Vázquez

O CEIP de ESTEIRO reclamou e seguirá a reclamar, o seguinte:

- Que o profesor/a de AL sexa un posto de traballo consolidado.
- Que se manteña o profesor/a de PT por riba de catálogo pola abondosa problemática que se está a dar no centro.

ALUMNADO			
NIVEL	NÚMERO DE ALUMNAS/OS	% matriculado/a	Nº DE NENAS E NENOS
EDUCACIÓN INFANTIL - 3 ANOS	10	40	3 NENAS / 7 NENOS
EDUCACIÓN INFANTIL - 4 ANOS	25	100	8 NENAS / 17 NENOS
EDUCACIÓN INFANTIL - 5 ANOS	19	78	10 NENAS / 11 NENOS
TOTAL EDUCACIÓN INFANTIL	56		
1º EDUCACIÓN PRIMARIA	25	100	13 NENAS / 12 NENOS
2º EDUCACIÓN PRIMARIA	24	96	11 NENAS / 13 NENOS
3º EDUCACIÓN PRIMARIA	25	100	11 NENAS / 14 NENOS
4º EDUCACIÓN PRIMARIA	25	100	14 NENAS / 11 NENOS
5º EDUCACIÓN PRIMARIA	25	100	8 NENAS / 17 NENOS
6º EDUCACIÓN PRIMARIA	25	100	12 NENAS / 13 NENOS
TOTAL EDUCACIÓN PRIMARIA			
TOTAL COLEXIO	203	91	

EQUIPO DIRECTIVO			
DIRECTOR	Víctor Manuel Varela Negreira		
XEFA DE ESTUDOS	Ana M ^a Ríos Grueiro		
SECRETARIA	M ^a Begoña Romero Martínez		
CLAUSTRO DO PROFESORADO			
4º EDUCACIÓN INFANTIL	María Ponte Pita	O funcionamento, os dereitos e os deberes do Claustro do Profesorado do CEIP de ESTEIRO vén rexido polas seguintes disposicións legais: Decreto 92/1988 de 28-04 (DOG 29-04-88) Decreto 279/1990 de 27-04 R.O.C. Decreto 374/1996 de 17-10 (DOG 21-10-96) Orde do 22 de xullo de 1997 que desenvolve o decreto anterior.	
5º EDUCACIÓN INFANTIL	Soraya Restrebada Corral		
6º EDUCACIÓN INFANTIL/ XEFA DE ESTUDOS	Ana Ríos Grueiro		
APOIO A EDUCACIÓN INFANTIL	María Mesía Pita		
1º EDUCACIÓN PRIMARIA	Xosé Lois Cid Galante		
2º EDUCACIÓN PRIMARIA	Olga Lodeiro Malde		
3º EDUCACIÓN PRIMARIA	Elena Beatriz González Melchor		
4º EDUCACIÓN PRIMARIA	María Pilar Seoane Martínez		
5º EDUCACIÓN PRIMARIA	Natalia Méndez Romero		
6ª EDUCACIÓN PRIMARIA	Jorge Aguado Amado		
EDUCACIÓN FÍSICA (EI - EP)	Gonzalo Beceiro Bellas		
EDUCACIÓN MUSICAL (EI - EP) / EP	Natalia Méndez Romero		
LINGUA INGLESA (EI, EP1, EP2) (adscrita ao CEIP PONZOS)	Carolina Núñez García		*Itinerante co CEIP Ponzos
LINGUA INGLESA (EP5 - EP6) / DIRECCIÓN	Víctor Manuel Varela Negreira		
5º EP - APOIOS - SECRETARIA	M ^a Begoña Romero Martínez		

CLAUSTRO DO PROFESORADO

ORIENTACIÓN (adscrita ao noso centro)	Sara Cives Negreira	*Itinerante co CEIP Plurilingüe Virxe do Mar
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Ana Lobeiras Fernández	
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Patricia Rial Mosteiro	
AUDICIÓN E LINGUAXE	María Begoña Santiago Otero	
RELIXIÓN CATÓLICA	Gonzalo Ignacio Iglesias Rivera	Itinerante CEIP Leticia
RELIXIÓN EVANXÉLICA	Cristina Rodríguez González	*Itinerante CPI A Xunqueira (23Kms) e CEIP de Pazos (11Kms)

* Pago de itinerancias ao profesorado

CONSELLO ESCOLAR

